

## ARTISTA INVITADO

### LUIGI MAZZUCATO (Viola)

Nado en Rovigo (Italia), comezou os seus estudos co maestro Tommaso Poggi, obtendo o seu diploma no *Conservatorio de Música Giovanni Battista Martini* en Bolonia, baixo a dirección do mestre Antonello Farulli. Logo especializouse cos mestres Danilo Rossi, Luca Ranieri, Vladimir Mendelssohn e Ilari Angervo en Finlandia, no Conservatorio de Helsinki, onde tamén colaborou coa famosa orquestra *Sibelius Academy*. Gañador total, coa bolsa da Fundación Hindemith en Blonay (Suiza) para a mellor interpretación do mesmo compositor, na competencia nacional de Vittorio Veneto en setembro de 2001. Clasificouse para as seleccións de 2003 no *EUYO (Nova Orquestra da Unión Europea)* e foi membro da *Orchestra Giovanile Italiana*. Foi seleccionado para participar nos cursos internacionais da *Fundación Gustav Mahler*, tocando como primeira viola cos mestres J. Kussmaul, T. Christ-Schneider, C. Schiller e A. Altenburger.

Foi membro da *Mahler Jugend Orchestra* de 2004 a 2005 e participou en varios *tours* dirixidos por Claudio Abbado, Ivan Fischer e Franz Welsler-Most.

En outubro de 2005 gañou o concurso de viola Tutti na *Orquesta Sinfónica de Galicia*. En 2009 estivo en China nunha xira coa *Lucerne Festival Orchestra* dirixida por Claudio Abbado. É membro da *Orchestra Mozart* desde 2004.

Tocou con directores como Carlo Maria Giulini, Lorin Maazel, Riccardo Muti, Eliahu Inbal, Dennis Russell Davis, Daniele Gatti, Gustav Kuhn, Isaac Karabtschewsky. Colaborou con varias orquestras como: *Orchestra Sinfonica Nazionale della RAI*, *Orchestra Haydn di Bolzano e Trento*, *Orchestra del Teatro Regio di Parma*, *Orchestra Giuseppe Verdi di Milano* e co *Ensemble de I Solisti di Pavia* dirixido polo mestre Enrico Dindo. Na actualidade reside en España, sendo membro da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, e en Italia continúa a súa cooperación coa *Orchestra Mozart*. Luigi Mazzucato toca unha viola de Ansaldo Poggi realizada en 1935.



## CUARTETO DE CORDAS SCHUBERT

### FUMIKA YAMAMURA (Violín)

Nada en Xapón, comezou os seus estudos musicais con apenas tres anos de idade, cursando o Método Suzuki ao piano. Máis adiante, aos seis anos de idade, iniciouse ao violín, matriculándose no *Conservatorio de Música Toho* en Tokio, onde tería varias oportunidades de tocar como solista e concertino. Durante eses anos gañou un segundo premio e un terceiro premio no *Japan National Student Competition*, un terceiro premio no *Tama Fresh Music Competition*, e foi galardoada por dous anos consecutivos co *Special Excellence Prize* no marco dos *Hokkaido Summer Music Festival*. Actuou no programa didáctico musical da emisora nacional de televisión NHK.

Foi seleccionada polo conservatorio Toho para participar nos programas de intercambio internacionais co *Conservatoire National Supérieur de Musique et de danse de Paris* e o *Curtis Music Conservatory*, ademais de obter unha bolsa para atender ao *Tanglewood Music Festival* en EE.UU., podendo traballar alí con directores como André Previn, Leon Fleischer e Seiji Ozawa.

En 1997 licenciouse con honras polo *Conservatorio de Música Toho*, para proseguir os seus estudos de posgrado en Alemania, onde cursou estudos superiores co Profesor Valery Klimov na *Musikhochschule Saarbrücken*, completando en 1999 o *Konzertexamen Violine*. A continuación, trasladouse a EE.UU. para estudar co Dr. Eduard Schmieder na *Southern Methodist University*, como bolsista do *Artist Certificate Program*. Participou en numerosas masterclasses, incluíndo citas tan variadas como o *Mozarteum Salzburg*, *Holland Music Sessions*, *Ticino Musica* en Suiza, San Petesburgo, Los Angeles, Mannheim, Mainz, Utrecht, etc.

Desde 2002, Fumika Yamamura reside na Coruña. En 2003 foi asistente de solista da *Orquesta Sinfónica de Barcelona*, e na actualidade é principal dos segundos violíns da *Orquesta Sinfónica de Galicia* na Coruña. Participa con frecuencia en varios ciclos de música de cámara, en recitais con piano, como primeira violinista do *Artemis Ensemble* (cuarteto de cordas), co *Cuarteto del Pino* (cuarteto de piano), e varios outros grupos, sendo gravada por Radio Galega na maioría desas ocasións. Tamén colabora con varias orquestras sinfónicas no seu país natal, como a *Tokyo Symphony Orchestra*, a *Tokyo Metropolitan Symphony Orchestra* e a *Tokyo Philharmonic Orchestra*.

### ADRIÁN LINARES REYES (Violín)

Adrián Linares Reyes naceu en Puerto de la Cruz, Tenerife. Realizou os seus estudos na isla da man de Tibor Kóvacs e Fernando Rodríguez Frago, catedrático de violín do *Conservatorio Superior de Música de Santa Cruz de Tenerife*.

En 2004 accedeu ao *Conservatorium van Amsterdam*, Holanda, cursando estudos superiores con Johannes Leertouwer e de máster con Peter Brunt, obtendo as máis altas calificacións. Así mesmo, recibiu clases maxistras dos instrumentistas

Philippe Graffin, Agustín León Ara, Stefano Pagliani ou Joaquín Palomares, entre outros.

Formou parte de diversas orquestras novas do arquipélago canario, e debutou como solista en diversos certames para novos intérpretes, foi ademais membro da NSJO (*Nova Orquestra de Corda Nacional Holandesa*). En 2006 accedeu á *Gustav Mahler Jugendorchester*, percorrendo os máis destacados escenarios europeos, e traballando con artistas de prestixio como Sir Colin Davis, Myung-Whun Chung, os irmáns Capucon, Thomas Hampson, Nicolaj Znaider ou Susan Graham. Entre 2009 e 2010 alternou a función de principal e co-principal de violíns segundos na *Camerata de Rotterdam*.

Profundamente interesado polo historicismo, realizou estudos de violín barroco en Amsterdam con Johannes Leertouwer, Franc Polma e Antoinette Lohmann, e recibiu leccións en España da man de Emilio Moreno. Regularmente toca coa *De Nederlandse Bachvereniging*, *Orquestra Barroca de Palma de Mallorca*, *Camerata Boccherini* e a *De Nieuwe Philharmonie Utrecht*, orquestra da que é membro fundador. En 2012 crea así mesmo co clavecinista valenciano Pablo Márquez o ensemble *El Afecto Ilustrado*.

En 2010 accede como violín tutti á *Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)*, onde traballou baixo a batuta de directores como Lorin Maazel, Sir Neville Marriner, Carlo Rizzi, Dima Slobodeniouk, Víctor Pablo Pérez, Marc Albrecht ou Jean-Jacques Kantorow, ou con solistas da categoría de Anne-Sophie Mutter, Maxim Vengerov, Sarah Chang, Ning Feng o Lars Vogt. En 2014 obtén a posición de Principal de violíns segundos na citada orquestra.

Adrián Linares Reyes colabora tamén como docente na *Orquestra infantil da Orquestra Sinfónica de Galicia*, na *Joven Orquestra de la Sinfónica de Galicia* e é, así mesmo, compoñente do grupo didáctico *Arcos Iris*.

## GABRIEL BUSSI (Viola)

Actualmente Profesor violinista da *Orquestra Sinfónica de Galicia* e violista do *Artemis Ensemble* e do *Cuarteto del Pino*, obtivo a súa educación musical en varios países e continentes.

Naceu en Montevideo (Uruguay) como fillo de músicos. Realizou os seus estudos principais de violín en Alemaña onde licenciouse polo conservatorio de música *Hanns Eisler* en Berlín cos Profesores Christoph Poppen e Ulf Wallin. Á parte estudou composición no mesmo conservatorio, estreando neses anos varias obras de encargo.

Foi premiado en varios concursos de interpretación e composición e foi bolseiro de numerosos festivais de música, entre eles *Ost-West Musik Festival* (Krems, Austria), *Richard-Wagner-Verband* (Bayreuth, Alemaña), *Young Artists International* (Los Ángeles, EE.UU.), *Nagano Music Festa* (Ueda, Xapón), actuando de solista e músico de cámara en múltiples oportunidades.

Obtivo os títulos *Master of Music* e *Artist Certificate* co Dr. Eduard Schmieder como bolseiro de *Southern Methodist University* en EE.UU. Participou en cursos de perfeccionamento con profesores distinguidos a nivel internacional, á parte de destacar como músico de orquestra con formacións como a *Filarmónica de Stuttgart* (Alemaña), a *Fort Worth Symphony*, a *"I Palpiti" Chamber Orchestra Los Angeles* e a *Dallas Chamber Orchestra* (todas en EE.UU.).

Nas últimas tempadas poidéronse tocar e estreitar varias das súas composicións en Galicia, por grupos como a *Orquestra Sinfónica de Galicia* con varios encargos, a *Orquestra Gaos*, o *Zoar Ensemble*, o *Grupo Instrumental Siglo XX*, e o propio *Artemis Ensemble*.

## ELENA ESCALZA CORTINA (Violoncello)

Nace en Bilbao, en cuxo Conservatorio realiza os seus estudos de música obtendo Premios de Honra. Trasládase a Alemaña e ingresa na *Musikhochschule de Freiburg*. Prosegue os seus estudos na *Musikhochschule de Frankfurt* onde obtén o Diploma de Konzertsolistin, para o cal foi bolseira pola *Excm. Deputación de Bizkaia*, pola *Fundación Alexander von Humboldt* e por *La Caixa* en colaboración coa *Deutscher Akademischer Austauschdienst*.

A súa formación a completará cos Profesores Gary Hoffman na *Ecole Normale de Paris* así como con Lluís Claret na *Universidad de Alcalá de Henares en Madrid*. Ademais traballou con numerosos e importantes violoncellistas como Janos Starker, Bernard Greenhouse, T. Demenga, F. Helmerson, Ivan Monighetti, Michael Sanderling, etc. Como membro do *Cuarteto Quiroga* foi alumna de Rainer Schmidt (*Cuarteto Hagen*) na *Escuela Superior de Música Reina Sofía*. Galardoada en varios concursos nacionais e internacionais, destacando o *Beethoven Klaviertrio Wettbewerb*, o *Premio Nicanor Zabaleta*, Premio no *Concurso Nacional de Música de Cámara de Juventudes Musicales de España*, Premio *Ciudad de Manresa*, etc. Adquire a praza de violoncello Solista na *Südwestdeutsche Philharmonie Konstanz* de Alemaña.

Foi violoncello Solista no *Utopia Ensemble* orquestra creada por Charles André Linale, fundador e primeiro violín do *Cuarteto Orpheus*. É así mesmo profesora da materia de Cuarteto de Corda e de Repertorio Orquestral en *Musikene*, o *Centro Superior de Música del País Vasco*. Participa regularmente na *Orquestra Sinfónica de Euskadi* e na *Orquestra Sinfónica de Bilbao* nas súas diversas actuacións, así como nos Ciclos de Música de Cámara que ambas organizan. As súas numerosas actuacións como solista, en recitais con piano ou como integrante de diversas agrupacións de música de cámara, lévanlle a actuar regularmente en importantes festivais como o *Festival de Música y Danza de Granada* ou a *Quincena Musical*, e en salas tan importantes coma o *Auditorio Nacional de Madrid*, ou a *Sociedad Filarmónica de Bilbao*, o *Palau de la Música de Valencia*, etc. As súas actuacións no estranxeiro leváronlle a Italia, Alemaña e Inglaterra. Moitas das súas actuacións foron gravadas para R.N.E. e T.V.E.

Desde el 2005 é membro do *Trío Alosía*. Con esta formación actuou en diversas cidades españolas, así como en Francia e Alemaña. Cabe destacar a súa actuación dentro do *Festival Internacional de Música de León* ou a interpretación do Triple Concerto de Beethoven.